



Nota de prensa da APDR / PECCEM /
"European Coordination of organizations for
an EMF exposure regulation, which truly
protects public health"

O escándalo repítese na OMS: organizacións sociais europeas destapan conflitos de interese obvios entre o seu grupo de expertos sobre a saúde e radiofrecuencias e as empresas de telefonía e eléctricas.



A Asociación Pola Defensa da Rúa (APDR), como integrante da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCEM *), participou xunto a máis de 30 organizacións europeas, có apoio da International EMF Alliance (IEMFA), na denuncia do flagrante conflito de interese do grupo central de expertos responsábeis da redacción durante este ano da Monografía da OMS de Criterios de Saúde Ambiental (EHC) sobre radiofrecuencias (RF):

A **"Coordinadora europea de organizacións por unha regulación da exposición aos campos electromagnéticos (CEM) que realmente protexa á saúde pública" (**)**, co-impulsada pola PECCEM, enviou o 26 de xaneiro de 2017 unha carta aberta de "non confianza" á OMS denunciando o conflito de interese no seno do grupo de expertos sobre radiofrecuencias (1), sumándose á petición realizada na mesma liña polo **Grupo de traballo BioInitiative (2)**, panel de científicos e expertos independentes de recoñecemento internacional que revisaron máis de 4.000 estudos científicos relacionados cos campos electromagnéticos e a saúde, e que nos últimos anos determinan que os campos electromagnéticos de radiofrecuencia deberían clasificarse xa como carcinóxeno humano, no grupo 1 de carcinoxenicidade da Axencia Internacional de Investigación do Cáncer da OMS.

Denunciamos o predominio de membros da **Comisión Internacional de Protección de Radiación no Ionizante (ICNIRP) cuxos conflitos de interese son revelados de forma pormenorizada** no informe da Asociación vallisoletana AVAATE do 2015 (3) e xa foron evidenciados polo Sr. Huss, na súa calidade de relator da **Resolución 1815 de la Asamblea Parlamentaria do Consello de Europa** aprobada en 2011, cando na súa [exposición de motivos](#) cuestionaba que a estrutura "pouco transparente e sospeitosa de vínculos coas industrias" do ICNIRP, puidera ser referente de institucións internacionais como a OMS para establecer límites de exposición aos campos electromagnéticos. O ICNIRP (e o resto de institucións que seguen os seus criterios) caracterízase polo seu **negacionismo** das novas evidencias de riscos potenciais para á saúde dos efectos non térmicos da radiación de radiofrecuencia, de baixa intensidade, a pesar dos recentes avances científicos coñecidos.

Os asinantes subscribimos, xunto organizacións de todo o mundo (4), o **chamamento científico internacional sobre campos electromagnéticos (5)** de máis de [220 científicas e científicos](#) de 41 estados (como a profesora [Elena López Martín](#) da **Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela** e investigadora do seu laboratorio experimental de bioelectromagnetismo), responsábeis de artigos publicados e revisados entre pares sobre os efectos biolóxicos ou sobre a saúde das radiacións non ionizantes, que solicitaron en 2015 á OMS e á ONU protexer a humanos e fauna da exposición a devanditos campos:

"...Numerosas publicacións científicas recentes demostraron que os CEM afectan aos organismos vivos a niveis moi por baixo da maioría das directrices internacionais e nacionais. Os efectos inclúen o aumento de risco de cancro, o estrés celular, o aumento de radicais libres daniños, danos xenéticos, cambios estruturais e funcionais do sistema reprodutor, déficits na aprendizaxe e a memoria, trastornos neurolóxicos e efectos negativos no benestar xeral dos



Nota de prensa da APDR / PECCEM /
 "European Coordination of organizations for
 an EMF exposure regulation, which truly
 protects public health"

seres humanos. O dano vai máis aló da especie humana, xa que cada vez hai máis evidencia de efectos nocivos tanto para as plantas como para os animais. Estes resultados xustifican o noso chamamento ás Nacións Unidas (ONU) e a todos os Estados membros do mundo, para estimular á OMS a exercer un importante liderado no fomento da elaboración de directrices para os CEM que protexan á poboación, a fomentar medidas de precaución, e a educar ao público en xeral sobre os riscos para a saúde, especialmente para os nenos e no período de desenvolvemento fetal. En caso de non tomar medidas, a OMS está incumprindo o seu cometido como organismo internacional preeminente de saúde pública".

Os asinantes, reivindicamos transparencia, imparcialidade e criterios plurais nas avaliacións de expertos sobre riscos sanitarios dos campos electromagnéticos non ionizantes, en todos os niveis de decisión, en base á normativa básica da OMS, a Resolución 1815 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, e o Convenio internacional de Aarhus sobre acceso á información, participación pública na toma de decisións e no acceso á xustiza en temas medioambientais (1998). A aplicación destes principios garantiría non só a pluralidade do citado grupo principal de expertos da OMS, senón tamén a presentación de interpretacións científicas alternativas, os "puntos de vista" da cidadanía e a participación real das organizacións sociais.

Xulio Carmona, vogal da xunta directiva da APDR (apdr@apdr.info) e coordinador da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCEM: coordinacion@peccem.org) na *Coordinadora Europea de organizacións por unha regulación da exposición aos CEM que realmente protexa a saúde pública* (euro.coord.for.emf.regulation@gmail.com).

- 1.- <http://www.peccem.org/DocumentacionDescarga/internacional/OMS/Letter.to.WHO.26.01.2017-es.pdf>
- 2.- <http://www.bioinitiative.org/bioinitiative-working-group-issues-a-no-confidence-letter-to-the-who-emf-program-manager/>
- 3.- http://www.avaate.org/IMG/pdf/escrito_web_icnir_castellano.pdf
- 4.- <http://www.iemfa.org/emf-scientist-appeal-to-the-united-nations/>
- 5.- <https://www.emfscientist.org/>













Asinantes da carta enviada á OMS:

As organizacións fundadoras da «Coordinadora europea de organizacións por un regulamento da exposición aos campos electromagnéticos (CEM) que realmente protexa a saúde pública» * (euro.coord.for.emf.regulation@gmail.com).

	Associazione per le Malattie da Intossicazione Cronica e/o Ambientale AMICA (Association for Environmental and Chronic Toxic Injury) – Italy	
	http://www.infoamica.it/	amica@infoamica.it
	Associazione Italiana Elettrosensibiliti (Italian "Electrosensitivity" association) – Italy	
	http://www.elettrosensibili.it/	presidente@elettrosensibili.it



Nota de prensa da APDR / PECCCEM /
 "European Coordination of organizations for
 an EMF exposure regulation, which truly
 protects public health"

	Beperk de Straling (Limit Radiation) - Belgium	
	http://www.beperkdestraling.org/	Beperk.de.straling@gmail.com
	Coordination Nationale des Collectifs contre les antennes relais (National Coordination of Collectives against the masts) - France	
	http://coordinationnationalestopantennes.blogspot.com.es/	stopantennesmalefrics@hotmail.fr
diagnose: funk	Diagnose: Funk (Diagnose: wirelees) - Germany	
	https://www.diagnose-funk.org/	kontakt@diagnose-funk.de
	EQSDS. Electro y Químico sensibles por el Derecho a la Salud (EHS & MCS people for the right to health) – Spain	
	http://electrosensiblesderechosalud.org/	electrosensiblesderechosalud@gmail.com
	Electrosensitivity in Ireland – Ireland	
	https://iervn.com/contact-us-2/	https://iervn.com/contact-us-2/
	EM-Radiation Research Trust – United Kingdom	
	http://www.radiationresearch.org/	eileen@radiationresearch.org
	Fundacja Instytut Badań Elektromagnetycznych im. Jamesa Clerka Maxwella (Foundation Research Institute of Electromagnetic Jamesa Clerka Maxwella) – Poland	
	http://www.ibe.org.pl/	ibe@ibe.org.pl
	Movimento para a Prevenção da Poluição Electromagnética (Movement for the Prevention of Electromagnetic Pollution) – Portugal	
	https://www.facebook.com/moppe2016/	paulojvval@gmail.com
	PECCCEM. Plataforma Estatal Contra la Contaminación Electromagnética (State Platform of Organizations Against Electromagnetic Pollution) – Spain **	
	http://www.pecccem.org/	coordinacion@pecccem.org
	Association Nationale Robin des Toits (National Association Robin Roofs) - France	
	http://www.robindestoits.org/	contact@robindestoits.org
	SOS EHS-EASC (Electrohypersensitivity - Environmental Diseases of Central Sensitization) – Spain	
	http://s0s.snappages.com/	sos.ehs.easc@gmail.com
	Stichting Elektrohypersensitiviteit (Electrohypersensitivity Foundation) – Netherlands	
	https://www.stichtingehs.nl/	https://www.stichtingehs.nl/stuur-een-mail
	Stralskyddsstiftelsen (Swedish Radiation Protection Foundation) – Sweden	
	http://www.stralskyddsstiftelsen.se/	info@stralskyddsstiftelsen.se
	Verein Für Elektrosensible Und Mobilfunkgeschädigte E.V. – Germany	
	http://www.elektrosensibel-muenchen.de/	kontakt@elektrosensibel-muenchen.de



Nota de prensa da APDR / PECCEM /
 "European Coordination of organizations for
 an EMF exposure regulation, which truly
 protects public health"

* A Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCEM) componse de Confederacións e federacións de asociacións veciñais (como CEAV, FRAVM, CAVA,...), colectivos ecoloxistas e ambientais (como os máis de 300 grupos que compoñen a confederación de Ecoloxistas en Acción u organizacións de forte implantación local como a APDR), asociacións de pais e nais, de consumidores (como FACUA de Castela e León), de persoas afectadas de síndrome de sensibilización central como a electrosensibilidade e a sensibilidade química múltiple (como EQSDS e SOS EHS-EASC) e de colectivos e asociacións, en xeral, preocupadas polos efectos para a saúde da crecente contaminación electromagnética (como a asociación pioneira AVAATE).

** A *Coordinadora europea de organizacións por unha regulación da exposición aos CEM que realmente protexa a saúde pública*, impulsa o [Manifesto Europeo de apoio a unha ICE por unha regulación da exposición aos campos electromagnéticos](#) (CEM). Entre os [asinantes deste manifesto europeo](#) hai científicos, investigadores e expertos, así como colexios e asociacións profesionais (como o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia) e representantes de organizacións da sociedade civil [defensores da saúde, consumidores, veciñais, ambientais, ecoloxistas, sindicalistas, nais e pais, persoas afectadas de síndrome de sensibilización central (electrohipersensibilidade, sensibilidade química múltiple, síndrome de fatiga crónica, fibromialxia, etc.) e de tumores cerebrais, persoas comprometidas na loita contra a contaminación electromagnética, ...] procedentes de 26 estados (Arxentina, Australia, Austria, Bélxica, Brasil, Canadá, Dinamarca, Finlandia, Francia, Alemaña, India, Irlanda, Italia, Macedonia, Países Baixos, Panamá, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia, Sudáfrica, Eslovaquia, España, Suecia, Suíza e Estados Unidos).

Outras primeiras organizacións europeas asinantes:

	CAVISOC. The CAVI Society. Children As Victims Inquiry – United Kingdom	
	http://www.cavisoc.org.uk/	dihanson@blueyonder.co.uk
	EHS Foreningen af el-overfølsomme (Association for the Electromagnetically Hypersensitive) – Denmark	
	http://www.ehsf.dk/	
	Electrosensitivity UK – United Kingdom	
	http://www.es-uk.info/	enquirers@es-uk.info
	Folkets Strålevern (Citizens Radiation Protection) - Norway	
	http://www.folkets-stralevern.no/	http://www.folkets-stralevern.no/kontakt/
	Kompetenzinitiative zum Schutz von Mensch, Umwelt und Demokratie (Competence initiative for the Protection of Mankind, the Environment and Democracy) - Germany	
	http://kompetenzinitiative.net/	http://kompetenzinitiative.net/KIT/KIT/kontakt/
	Mast-Victims.org – United Kingdom / Denmark	
	http://www.mast-victims.org/	info@mast-victims.org
	Ogólnopolskie Stowarzyszenie Przeciwdziałania Elektrosmogiem Prawo Do Życia (National Association for the Prevention of Electromog in the defence of life) - Poland	
	http://prawodozycia.pl/	http://prawodozycia.pl/kontakt/ , gelzok@wp.pl
	Physicians' Health Initiative for Radiation and Environment (PHIRE) – United Kingdom	
	http://phiremedical.org/	http://phiremedical.org/contact/
	Polska Unia Właścicieli Nieruchomości (Polish Union of Property Owners) - Poland	
	http://www.puwn.pl/	biuro@puwn.pl



Nota de prensa da APDR / PECCEM /
"European Coordination of organizations for
an EMF exposure regulation, which truly
protects public health"

	Powerwatch - United Kingdom	
	http://www.powerwatch.org.uk/	info@powerwatch.org.uk
	Priartem / Electrosensibles de France - France	
	http://www.priartem.fr/accueil.html	contact@priartem.fr
	Rådet for Helbredssikker Telekommunikation (Council on Health-safe Telecommunications) - Denmark	
	http://www.helbredssikker-telekommunikation.dk/	info@helbredssikker-telekommunikation.dk
	Rete No Elettrosmog Italia (Italian network against electromagnetic pollution) - Italy	
	http://retenolettrosmog.blogspot.com.es/	esmog.free.italia@gmail.com
	Safe Schools Information Technology Alliance (SSITA) - United Kingdom	
	http://ssita.org.uk/	contactssita11@virginmedia.com
	Sähköherkät ry (EHS Association) - Finland	
	http://www.sahkoherkat.fi/	yhdistys@sahkoherkat.fi
	StopUMTS - Netherlands	
	https://www.stopumts.nl/	infostopumts@gmail.com
	Stowarzyszenie Na Rzecz Osób z Zespołem Aspergera i Ich Rodzin "Jestem ZA" (Association of people with Asperger's syndrome and their families "Jestem ZA") – Poland	
	http://jestemza.weebly.com/	jestemzza@gmail.net
	Stowarzyszenie Przeciw Elektrosmogiem (The Association Against electrosmog) - Poland	
		rydz@pro.onet.pl
	Stowarzyszenie na rzecz rozwoju Bielany "NASZE BIELANY" (Bielany Development Association of Cracow) - Poland	
	http://www.naszebielany.org/index.php	naszebielany@naszebielany.org
	StralingsArm Vlaanderen (low radiation Flanders) - Belgium	
	http://www.stralingsarmvlaanderen.org/	info@stralingsarmvlaanderen.org
	Teslabel Coordination – Belgium	
	http://www.teslabel.be/	info@teslabel.be
A organización internacional asinante:		
	International EMF Alliance ***	
	http://www.iemfa.org/	http://www.iemfa.org/contact/
*** A Alianza Internacional sobre Campos electromagnéticos (IEMFA) conta có apoio de 111 organizacións de 26 estados e máis de 50 científicos e expertos .		